CA3.3 - Analizar e comprender a evolución dos sistemas de partículas cargadas utilizando modelos, leis e teorías do electromagnetismo clásico.	30%		
CA3.4 - Coñecer aplicacións prácticas e produtos útiles para a sociedade no eido tecnolóxico, industrial e biosanitario, analizándoos con base nos modelos, nas leis e nas teorías do electromagnetismo clásico.	30%		
CA3.5 - Aplicar os principios, leis e teorías científicas na análise crítica de procesos electromagnéticos da contorna, como os observados e os publicados en distintos medios de comunicación, analizando, comprendendo e explicando as causas que os producen.	30%		
CA1.1 - Utilizar de xeito rigoroso as unidades das variables físicas en diferentes sistemas de unidades, empregando correctamente a súa notación e as súas equivalencias, así como a elaboración e interpretación axeitada de gráficas que relacionan variables físicas, posibilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	30%	TI	30
CA1.2 - Expresar de forma axeitada os resultados, argumentando as solucións obtidas na resolución dos exercicios e problemas que se formulan, ben sexa a través de situacións reais ou ideais.	30%		
CA1.3 - Consultar, elaborar e intercambiar materiais científicos e divulgativos en distintos formatos con outros membros da contorna de aprendizaxe, utilizando de xeito autónomo e eficiente plataformas dixitais.	30%		
CA1.4 - Usar de xeito crítico, ético e responsable medios de comunicación dixitais e tradicionais como modo de enriquecer a aprendizaxe e o traballo individual e colectivo.	30%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter relacións entre variables físicas, medindo e tratando os datos experimentais, determinando os erros e utilizando sistemas de representación gráfica.	30%		
CA1.6 - Reproducir en laboratorios, reais ou virtuais, determinados procesos físicos modificando as variables que os condicionan, considerando os principios, leis ou teorías implicados, xerando o correspondente informe con formato axeitado e incluíndo argumentacións, conclusións, táboas de datos, gráficas e referencias bibliográficas.	30%		
CA1.7 - Inferir solucións a problemas xerais a partir da análise de situacións particulares e das variables de que dependen.	30%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de instrumentos básicos para o estudo da física: linguaxe lóxico-matemática, ferramentas matemáticas, representacións gráficas e sistemas de unidades. - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica. - Deseño e execución de experimentos (reais ou virtuais) e de proxectos de investigación, en condicións de seguridade e utilizando instrumental axeitado, para a resolución de problemas de física. - Ferramentas matemáticas para o tratamento de datos experimentais e para a análise de resultados na resolución de problemas de física. - Interpretación e produción de información científica. - Campo magnético e indución electromagnética. - Campo magnético: tratamento vectorial, determinación das variables cinemáticas e dinámicas de cargas eléctricas libres en presenza deste campo. Fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas nos que se aprecian estes efectos. - Campos magnéticos xerados por fíos con corrente eléctrica en distintas configuracións xeométricas: rectilíneos, espiras, solenoides ou toros. Interacción con cargas eléctricas libres presentes na súa contorna. - Liñas de campo magnético producido por imáns e fíos con corrente eléctrica en distintas configuracións xeométricas. - Forzas magnéticas sobre correntes: funcionamento de motores sinxelos. - Xeración de forza electromotriz mediante sistemas nos que se produce unha variación do fluxo magnético: xeradores e transformadores.

UD	Título da UD	Duración
8	Física nuclear	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Recoñecer a relevancia da física relativista e da física cuántica no desenvolvemento da ciencia, da tecnoloxía, da economía, da sociedade e da sostibilidade ambiental empregando axeitadamente os fundamentos científicos apropiados.	30%	PE	70
CA5.2 - Resolver problemas de física moderna de xeito experimental, real ou virtual e analítica utilizando principios, leis e teorías da física.	30%		
CA5.3 - Coñecer aplicacións prácticas e produtos útiles para a sociedade no eido tecnolóxico, industrial e biosanitario, analizándoos con base nos modelos, nas leis e nas teorías da física moderna.	30%		
CA5.4 - Valorar a física debatendo de maneira fundamentada sobre os seus avances e a implicación na sociedade desde o punto de vista da ética e da sostibilidade.	30%		
CA5.5 - Identificar os principais avances científicos relacionados coa física moderna que contribuíron á formulación das leis e das teorías aceptadas actualmente no conxunto das disciplinas científicas, como as fases para o entendemento das metodoloxías da ciencia, a súa evolución constante e a súa universalidade.	30%		
CA5.6 - Recoñecer o carácter multidisciplinar da ciencia e as contribucións dunhas disciplinas noutras, establecendo relacións entre a física e a química, a bioloxía, a xeoloxía ou as matemáticas.	30%		
CA1.1 - Utilizar de xeito rigoroso as unidades das variables físicas en diferentes sistemas de unidades, empregando correctamente a súa notación e as súas equivalencias, así como a elaboración e interpretación axeitada de gráficas que relacionan variables físicas, posibilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	30%	TI	30
CA1.2 - Expresar de forma axeitada os resultados, argumentando as solucións obtidas na resolución dos exercicios e problemas que se formulan, ben sexa a través de situacións reais ou ideais.	30%		
CA1.3 - Consultar, elaborar e intercambiar materiais científicos e divulgativos en distintos formatos con outros membros da contorna de aprendizaxe, utilizando de xeito autónomo e eficiente plataformas dixitais.	30%		
CA1.4 - Usar de xeito crítico, ético e responsable medios de comunicación dixitais e tradicionais como modo de enriquecer a aprendizaxe e o traballo individual e colectivo.	30%		
CA1.5 - Obter relacións entre variables físicas, medindo e tratando os datos experimentais, determinando os erros e utilizando sistemas de representación gráfica.	30%		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Reproducir en laboratorios, reais ou virtuais, determinados procesos físicos modificando as variables que os condicionan, considerando os principios, leis ou teorías implicados, xerando o correspondente informe con formato axeitado e incluíndo argumentacións, conclusións, táboas de datos, gráficas e referencias bibliográficas.	30%		
CA1.7 - Inferir solucións a problemas xerais a partir da análise de situacións particulares e das variables de que dependen.	30%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de instrumentos básicos para o estudo da física: linguaxe lóxico-matemática, ferramentas matemáticas, representacións gráficas e sistemas de unidades. - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica. - Deseño e execución de experimentos (reais ou virtuais) e de proxectos de investigación, en condicións de seguridade e utilizando instrumental axeitado, para a resolución de problemas de física. - Ferramentas matemáticas para o tratamento de datos experimentais e para a análise de resultados na resolución de problemas de física. - Interpretación e produción de información científica. - Física cuántica e relativista. - Física nuclear e de partículas. - Núcleos atómicos e estabilidade de isótopos. Radioactividade natural e outros procesos nucleares. Aplicacións nos eidos da enxeñería, da tecnoloxía e da saúde. - Modelo estándar na física de partículas. Clasificacións das partículas fundamentais. As interaccións fundamentais como procesos de intercambio de partículas (bosóns). Aceleradores de partículas.

UD	Título da UD	Duración
9	Mecánica cuántica.Relatividade	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Recoñecer a relevancia da física relativista e da física cuántica no desenvolvemento da ciencia, da tecnoloxía, da economía, da sociedade e da sostibilidade ambiental empregando axeitadamente os fundamentos científicos apropiados.	30%		
CA5.2 - Resolver problemas de física moderna de xeito experimental, real ou virtual e analítica utilizando principios, leis e teorías da física.	30%	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Coñecer aplicacións prácticas e produtos útiles para a sociedade no eido tecnolóxico, industrial e biosanitario, analizándoos con base nos modelos, nas leis e nas teorías da física moderna.	30%		
CA5.4 - Valorar a física debatendo de maneira fundamentada sobre os seus avances e a implicación na sociedade desde o punto de vista da ética e da sostibilidade.	30%		
CA5.5 - Identificar os principais avances científicos relacionados coa física moderna que contribuíron á formulación das leis e das teorías aceptadas actualmente no conxunto das disciplinas científicas, como as fases para o entendemento das metodoloxías da ciencia, a súa evolución constante e a súa universalidade.	30%		
CA5.6 - Recoñecer o carácter multidisciplinar da ciencia e as contribucións dunhas disciplinas noutras, establecendo relacións entre a física e a química, a bioloxía, a xeoloxía ou as matemáticas.	30%		
CA1.1 - Utilizar de xeito rigoroso as unidades das variables físicas en diferentes sistemas de unidades, empregando correctamente a súa notación e as súas equivalencias, así como a elaboración e interpretación axeitada de gráficas que relacionan variables físicas, posibilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	30%		
CA1.2 - Expresar de forma axeitada os resultados, argumentando as solucións obtidas na resolución dos exercicios e problemas que se formulan, ben sexa a través de situacións reais ou ideais.	30%		
CA1.3 - Consultar, elaborar e intercambiar materiais científicos e divulgativos en distintos formatos con outros membros da contorna de aprendizaxe, utilizando de xeito autónomo e eficiente plataformas dixitais.	30%		
CA1.4 - Usar de xeito crítico, ético e responsable medios de comunicación dixitais e tradicionais como modo de enriquecer a aprendizaxe e o traballo individual e colectivo.	30%	TI	30
CA1.5 - Obter relacións entre variables físicas, medindo e tratando os datos experimentais, determinando os erros e utilizando sistemas de representación gráfica.	30%		
CA1.6 - Reproducir en laboratorios, reais ou virtuais, determinados procesos físicos modificando as variables que os condicionan, considerando os principios, leis ou teorías implicados, xerando o correspondente informe con formato axeitado e incluíndo argumentacións, conclusións, táboas de datos, gráficas e referencias bibliográficas.	30%		
CA1.7 - Inferir solucións a problemas xerais a partir da análise de situacións particulares e das variables de que dependen.	30%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de instrumentos básicos para o estudo da física: linguaxe lóxico-matemática, ferramentas matemáticas, representacións gráficas e sistemas de unidades. - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica. - Deseño e execución de experimentos (reais ou virtuais) e de proxectos de investigación, en condicións de seguridade e utilizando instrumental axeitado, para a resolución de problemas de física. - Ferramentas matemáticas para o tratamento de datos experimentais e para a análise de resultados na resolución de problemas de física. - Interpretación e produción de información científica. - Física cuántica e relativista. - Natureza da luz: controversias e debates históricos acerca dela. Efecto fotoeléctrico. Cuantización da enerxía. - Dualidade onda-corpúsculo e cuantización: hipótese de Broglie. Principio de incerteza: relacións posición-momento e tempo-enerxía. - Principios da relatividade especial e as súas consecuencias: contracción da lonxitude, dilatación do tempo, masa e enerxía relativistas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación.

A finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo da materia son as seguintes:

- Seleccionar actividades variadas, con diferente grao de complexidade, establecendo unha secuencia axeitada, de tal maneira que se recollan actividades de introdución, de estruturación de conceptos, de síntese e de aplicación. Ensinar a resolver estes problemas coa diferente bibliografía de que disporán antes de procurar a fórmula rápida: o profesor.
- Partir, sempre que sexa posible, de situación problemáticas abertas para recoñecer que cuestións son científicamente investigables, decidir como precisalas e reflexionar sobre o seu posible interese como facilitadoras da aprendizaxe.
- Potenciar a dimensión colectiva da actividade científica organizando equipos de traballo, creando un ambiente semellante ao que podería ser una investigación cooperativa en que conten as opinión de cada persoa, facendo ver como os resultados individuais ou dun equipo non abundan para verificar ou falsear unha hipótese e evitando toda discriminación por razóns éticas, sociais, sexuais, etc.
- Propiciar a construción de aprendizaxes significativas a través de actividades que permitan analizar e contrastar as propias ideas coas científicamente aceptadas para propiciar o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Facilitar a interacción entre a estrutura da disciplina e a estrutura cognitiva do alumnado aplicando estratexias propias das ciencias na resolución de situacións-problema relevantes para influír na reestruturación e enriquecemento dos esquemas de coñecemento do alumnado, contribuíndo así a incrementar as súas capacidades.
- Propoñer análises cualitativas, que axuden a formular preguntas operativas presentadas como hipóteses, que orienten o tratamento dos problemas como investigacións e contribúan a facer explícitas as preconcepcións.
- Fomentar a autonomía, a iniciativa persoal, a creatividade e a competencia de aprender a aprender a través da planificación, realización e avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado,

incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación co obxecto de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.

-A comunicación é un aspecto esencial da actividade científica e debe ser traballada, por exemplo, na recollida e análise de diversas informacións orais e escritas en relación cos temas tratados, a través da elaboración e exposición de memorias científicas do traballo realizado ou da lectura e comentario crítico de textos científicos.

-Considerar as implicacións ciencia-tecnoloxía-sociedade-medio natural dos problemas (posibles aplicacións, repercusións negativas, toma de decisións, ciencia e pseudociencia, etc.) e as posibles relacións con outros campos do coñecemento.

-As tecnoloxías da información e da comunicación debe ser unha ferramenta utilizada na aprendizaxe, pola súa relevancia para a vida cotiá e laboral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

A nivel particular do curso:

- Aula virtual do Centro
- Libro editorial Baía Edicións : "Física 2º Bacharelato". Vicente Fernández Fernández. ISBN: 978-84-9995- E ademais, a nivel xeral, podemos contar con:
- Outros libros de texto doutras editoriais para o profesor/a.
- Outros recursos e actividades dixitais propostos polo profesor/a.
- Apuntamentos proporcionados polo profesor/a.
- Fichas de traballo.
- Biblioteca do Centro, onde o alumno poida estudar e encontrar, nos libros desta, información para a resolución de actividades.
- Internet, revistas de divulgación científica.
- Materiais e produtos dos laboratorios de Física e Química.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial farase mediante unha proba escrita que inclúe resolución de problemas e cuestións sobre os aspectos máis salientables dos bloques da materia de Física e Química de 1º de bacharelato:

Bloque 5: Cinemática

Bloque 6: Estática e dinámica

Bloque 7: Enerxía

Deste xeito, poderase determinar as necesidades de repaso e consolidación de coñecementos previos do alumnado para un apropiado desempeño na materia de Física de 2º de bacharelato.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	5	13	13	13	11	10	10	100
Proba escrita	70	70	0	70	70	70	70	70	70	66
Táboa de indicadores	30	30	100	30	30	30	30	30	30	34

Crterios de cualificación:

A) AVALIACIÓN.

Os principios que deberán orientar a toma de decisións na avaliación son:

- Carácter procesual e continuo, que lle permita estar presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de todo tipo de actividades e non só en momentos puntuais e illados.
- Considerar a totalidade de elementos que entran a formar parte do feito educativo e atenderá globalmente a todos os ámbitos da persoa.
- Terá en conta a singularidade de cada individuo/a analizando o seu propio proceso de aprendizaxe, as súas características e necesidades específicas.
- Os criterios de avaliación están especificados nas táboas correspondentes e para poderrealizar

B) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Probas escritas:** En cada avaliación faranse as probas escritas que se consideren necesarias. Todas as probas deberán ser realizadas por todos os/as alumnos/as sen excepción. No caso de detectar a un alumno/a copiando ou empregando o teléfono móbil, será obxecto de medida disciplinaria e anulación total da proba. Nas devnditas probas incluíranse dous tipos de preguntas:

- **Problemas:** consisten na obtención de resultados numéricos relativos a diversas magnitudes nun sistema físico definido. Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado, coa excepción de que estean baseados nun erro grave de concepto. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase. Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun cero. Os erros nas unidades ou ben o feito de non poñelas descontarán un 25% a nota do apartado. Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica algunha e o alumno non faga unha discusión acerca da falsedade de dito resultado. Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe da física. Tendo en conta todo a anterior, unha vez cualificados os distintos apartados do problema, aplicarase un factor corrector que recolla a presenza de esquemas axeitados, explicación redactada do proceso de resolución e dedución físico-matemática na resposta.

- **Cuestións:** consisten na elección xustificada da resposta correcta entre varias opcións. A elección da resposta correcta sen xustificación valorarase cun cero, mentres que a xustificación apropiada da resposta elixida, aínda que sexa a incorrecta será valorada.

- **Traballo diario:** Valorarase mediante a observación directa (podéndose utilizar, por exemplo, escalas de observación) e a análise das producións dos alumnos (problemas numéricos, exercicios, ...) tanto no traballo de clase como na casa.

- **Traballo de laboratorio:** Valorarase mediante a observación directa do traballo realizado no laboratorio e mediante a análise do correspondente informe escrito de prácticas.

- **Traballo de investigación:** Este apartado inclúe traballos e exposicións e valorarase mediante a análise do informe escrito, a exposición oral do traballo, a observación directa se a procura de información se realiza na clase e, se fose o caso, o debate cos compañeiros/as sobre o dito no traballo.

C) CUALIFICACIÓN.

A ponderación dos diferentes aspectos do traballo do alumnado na nota do avaliación reflíctese na seguinte fórmula:

Probas escritas 70% + Traballo diario 10% + Traballo de laboratorio 10% + Traballo de investigación 10%

No caso de que non se realizase traballo de laboratorio, a porcentaxe correspondente a este apartado acumularíase ao apartado de probas escritas; e no caso de que non se realizase traballo de investigación, a porcentaxe correspondente a este apartado acumularíase ao apartado de traballo diario.

A cualificación das probas escritas en cada avaliación será a media aritmética das cualificacións das ditas probas

realizadas durante a avaliación considerada.

Cóidase que aqueles alumnos que non obtiñan unha nota de avaliación (tendo en conta probas escritas, traballo diario, traballo de laboratorio e traballo de investigación) de como mínimo cinco puntos sobre dez non terán superada a avaliación correspondente.

A cualificación da avaliación ordinaria será a que resulte de facer a seguinte operación:

Nota 1ª Avaliación x (0,25) + Nota 2ª Avaliación . (0,35) + Nota 3ª Avaliación . (0,40)

Para aqueles alumnos cuxa cualificación así calculada sexa maior ou igual a cinco puntos sobre dez será a da súa avaliación ordinaria, mentres que aqueles alumnos cuxa cualificación así calculada sexa menor de cinco puntos sobre dez, deberán realizar en maio unha proba de recuperación final con toda a materia impartida no curso e a súa cualificación da avaliación ordinaria será, nese caso, a cualificación obtida na dita proba de recuperación.

Non se farán recuperacións parciais por avaliacións. e, polo tanto, en cada proba poderá entrar materia avaliada nas probas anteriores.

Criterios de recuperación:

Aqueles alumnos cuxa cualificación definitiva de avaliación ordinaria (despois de realizada a proba de recuperación final) siga a ser menor de cinco puntos sobre dez, terán que acudir á convocatoria extraordinaria de xuño (na dita convocatoria extraordinaria incluíranse todos os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso) e deberán realizar unha proba de recuperación final con toda a materia impartida no curso e a súa cualificación da avaliación extraordinaria será a cualificación obtida na dita proba.

6. Medidas de atención á diversidade

Estableceranse medidas de reforzo educativo a aqueles alumnos que o precisen. O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e suporá a modificación de elementos non prescriptivos do currículo.

Deste xeito, prestarase especial atención ós devanditos alumnos proporcionándolles actividades de reforzo, resolvendo todas as dúbidas e dificultades que lles poidan ir xurdindo, cun maior seguimento do seu traballo, esforzo e evolución ó longo do curso.

Así, por exemplo, para os alumnos/as repetidores estableceranse medidas de reforzo educativo no caso de que o necesiten, proporcionándolles actividades de reforzo ou ampliación. As dúbidas que se lles presenten na resolución dos mesmos serán solucionadas polo correspondente profesor da materia. Prestarase tamén un especial seguimento do seu traballo e organización no caso de ser necesario.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), ..., estableceranse as medidas curriculares necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Tamén se prepararán actividades de ampliación de darse o caso e se o alumno está interesado.

No caso de alumnado con altas capacidades, poderanse tomar medidas como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente ou incluso a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de estudos superiores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8

	UD 9

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao CITEEC no campus universitario da UDC	Visita ao CITEEC no campus universitario da UDC		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consulta a PD ao longo do curso e en caso necesario fago modificacións?
A distribución e temporización das UD é axeitada?
A secuenciación dos contidos é axeitada?
Incluíronse elementos transversais nas UD?
As actividades danme información sobre os criterios de avaliación?
Metodoloxía empregada
Emprego as TICs de xeito regular?
Emprego recursos e materiais variados en cada UD?
Propoño actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma?
O número de actividades por UD é axeitado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos empregados son atractivos e despertan o interese do alumnado?

Medidas de atención á diversidade
Consigo a participación de todos os estudantes nas clases?
Hai exercicios coa gradación da dificultade axeitada?
Hai algunha actividade interdisciplinar?
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase ou formar grupos de traballo?
Teño en conta no deseño das probas escritas a diversidade do alumnado?
Clima de traballo na aula
Motivo ao alumnado partindo dos seus coñecementos previos e relacionándoos con situacións cotiás?

Descrición:

Para poder determinar e avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, o departamento analizará a evolución do alumnado ao longo dos cursos para comprobar se as aprendizaxes teñen unha continuidade no tempo e o nivel mellora.

Ademais, ao final de cada avaliación farase unha posta en común co alumnado das clases da materia do departamento que curse cada un deles.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación. Irase analizando o progreso e cumprimento de obxectivos, temporalización, aprendizaxes acadadas polo alumnado e as medidas de atención á diversidade dentro da aula. Do mesmo modo, valóranse os resultados globais por avaliación e grupo.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademáis da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.

9. Outros apartados